

## MEMORIA DA ALCALDÍA

### CONTRATO MIXTO SUBMINISTRO-OBRA: AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS

#### 1. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE E INSUFICIENCIA DE MEDIOS

A necesidade de celebrar este contrato, así como a insuficiencia de medios ven dada pola Memoria xustificativa da necesidade do investimento asinada pola Alcaldía en data 12 de febreiro de 2024, que se adxuntou á solicitude da subvención convocada pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a través da Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a Concellos de Galicia para o ano 2024 (PR486A):

##### **“ 1.- Introducción:**

*O parque infantil dos Tilos é un punto de encontro vital para a comunidade de Teo. Non só é un lugar onde os nenos e nenas poden xogar e divertirse, senón que tamén serve como un espazo de reunión para as familias e a súa contorna é unha área de espaxamento para persoas de todas as idades.*

*Con todo, nos últimos anos, o parque ven experimentando un aumento na súa demanda e existen unha serie de desafíos relacionados coa obsolescencia das súas instalacións e a limitación da súa capacidade para satisfacer as necesidades dos usuarios.*

##### **2.- Xustificación da necesidade:**

###### 2.1. Crecente demanda:

*O parque infantil dos Tilos é un lugar moi popular entre as familias desa parroquia e dos arredores, especialmente nas fins de semana e durante as vacacións escolares.*

*A poboación infantil da zona é das mais grandes do Concello e o incremento das actividades de lecer e tempo libre entre as familias xeraron unha demanda cada vez maior de espazos de xogo e entretemento ao aire libre.*

*Como resultado, o parque actualmente en funcionamento non é abondo para atender a esta demanda, o que provoca aglomeracións e dificulta o acceso aos xogos e áreas de xogo.*

### 2.2. Necesidade de ampliación:

*Debido á gran demanda que teñen as instalacións e ao incremento paulatino do número de usuarios, consideramos preciso o aumento da xogabilidade do parque.*

*Mediante esta actuación duplicaremos esa xogabilidade ao mesmo tempo que incrementaremos a idade de uso das instalacións coa provisión dos novos elementos de xogo.*

*A ampliación destes elementos é fundamental para garantir un entorno seguro e adecuado para o xogo e a recreación do número de usuarios, nenos e nenas, da comunidade.*

### 2.3. Desenvolvemento económico e turístico:

*Un parque infantil atractivo e ben mantido pode servir como un punto de referencia para os visitantes e turistas que viaxan á área. Ao mellorar as instalacións e atractivos do parque, podemos contribuír ao desenvolvemento económico local e axudar a promover o turismo na zona.*

### 2.4. Desenvolvemento comunitario:

*O parque infantil non só é un lugar de lecer e entretemento, senón tamén un punto focal da vida comunitaria en Teo. A súa ampliación e mellora non só beneficiará aos nenos e nenas, senón tamén ás familias e aos residentes locais. Un parque infantil renovado e modernizado non só fomentará o vencello social e a interacción entre os veciños, senón que tamén pode ter un impacto positivo na saúde e no benestar emocional da comunidade en xeral.*

### 2.5. Estímulo da creatividade e a imaxinación:

*A incorporación de novos xogos e áreas de xogo ofrecerá oportunidades para que os nenos e nenas exploren, descubran e experimenten novas formas de xogo e expresión creativa. Estes espazos axudarán a estimular a súa imaxinación e creatividade, promovendo o desenvolvemento cognitivo e emocional.”*

Todo elo ao abeiro da competencia municipal en parques e xardín de acordo co artigo 25 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local.

## 2. CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

**Administración contratante:** Concello de Teo

**Tipo de contrato:** Subministro máis obra

**Obxecto do contrato:** AMPLIACIÓN PARQUE INFANTIL OS TILOS

O obxecto do contrato é a realizar a ampliación do Parque Infantil dos Tilos. Actuarase sobre 3 das áreas delimitadas con xogos que conforman o parque.

Realizaranse ampliacións da soleira de formigón en 2 delas, debido a que, a área de seguridade dos novos xogos é maior que as áreas existentes. Na área de actuación restante instalarase un novo xogo que se adapta ás medidas da mesma. As actuacións para levar a cabo son as seguintes:

- Retirada de xogos existentes.
- Movemento de terras.
- Realización de ampliación de soleira de formigón nos casos nos que sexa necesario.
- Acoraxe e colocación de xogos novos.
- Realización de pavimento de caucho continuo.
- Realización de bordo en madeira nos perímetros das tres áreas.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de subministro e obra, de acordo cos artigos 16 e 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, sendo neste caso a prestación principal o subministro e instalación dos xogos.

**Procedemento de contratación:** Procedemento aberto simplificado.

**Tipo de tramitación:** ordinaria

**Código CPV:**

37535210-2

Columpios para parques infantiles

**Forma de presentación de ofertas:** electrónica (PLCSP)

**Ofertas anormalmente baixas:** referida a anormalidade no prezo.

**3. DIVISIÓN EN LOTES.**

Xustifícase a non división en lotes no informe técnico urbanístico de data 5 de xuño de 2024 : *“O proxecto tratase dunha obra completa, susceptible de utilización ou aproveitamento separado, e constitúe unha unidade funcional, e a súa realización independente das diversas prestacións comprendidas no proxecto dificulta a correcta execución da obra desde o punto de vista técnico, de acordo co establecido no artigo 99 da Lei 9/2017 de contratos do sector público e segundo o artigo 125 do R.D. 1098/2001 polo que se aproba o regulamento da lei de contratos das administracións públicas, ao seren susceptibles de entrar en servizo a súa terminación.”*

**4. PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN**

**Aplicación orzamentaria:** 171/619.00

**Valor estimado:** 39.990,00 €

**Orzamento sen IVE:** 39.990,00 €

**IVE:** 8.397,90 €

**Orzamento total:** 48.387,90 €

**Duración do contrato:** 30 días

**Prazos parciais:** non se recollen

**Financiamento:** na cantidade de 33.871,53 € a través da subvención concedida pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a través da Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos

vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a Concellos de Galicia para o ano 2024 (PR486A)

## 5. SOLVENCIA.

Acreditarase por algún dos medios previstos na LCSP que se indicarán nos pregos.

## 6. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo.

### Criterios avaliados de forma automática: 100 puntos

#### I.- Prezo:

O prezo ofertado valorarase cunha puntuación máxima de 85 puntos, de acordo coa seguinte fórmula.

$$P(i) \left( \frac{OBL - Of(i)}{OBL - Om} \right) \times 85$$

Onde:

P(i) = Puntuación da oferta i

OBL= Orzamento base de licitación

Of (i) = Oferta i

Om= Oferta máis favorable

#### II.- Redución do prazo de entrega: ata un máximo 15 puntos.

A valoración realizarase outorgando 1,5 puntos por cada día de redución ata un máximo de 15 puntos (máximo de redución 10 días).

## 7. RESPONSABLE DO CONTRATO

Será responsable do contrato o concelleiro Angel Barreiro Rodríguez, e o departamento encargado do seu seguimento Parques e Xardíns.

Na data da sinatura

A Alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz